

LA MEMORIA ES VAGA

Posibilidades didácticas:

Interese para: o estudio da Guerra Civil, Franquismo, Transición e Democracia. (desde 1939 ata 2007)

Niveis: 4º da ESO e Bacharelato

Texto con que se inicia:

“La dimensión de nuestra Cruzada, los heroicos sacrificios que la victoria encierra y la trascendencia que ha tenido para el futuro de España esta epopeya, no pueden quedar perpetuados por los sencillos monumentos con los que suelen conmemorarse en villas y ciudades los hechos salientes de nuestra historia y los episodios gloriosos de sus hijos.

Es necesario que las piedras que se levanten tengan la grandeza de los monumentos antiguos, que desafíen al tiempo y al olvido, y que constituyan lugar de meditación y de reposo en el que las generaciones futuras rindan tributo de admiración a los que lograron una España mejor.

A estos fines responde la elección de un lugar retirado donde se levante el templo glorioso de nuestros muertos que, por los siglos, se ruegue por los que cayeron en el camino de Dios y de la Patria.

Lugar perenne de peregrinación, en el que lo grandiosos de la naturaleza ponga un digno marco al campo en el que reposan los héroes y mártires de la Cruzada.”

Francisco Franco

(Decreto de 1 de abril de 1940)

Intervenén: señoras turistas e guía; expresos políticos; Utrera Molina (ministro da vivenda de Franco), falanxista, membro de Forza Nova; o escultor Avalos.

Possible cuestionario:

Antes de ver o documental sería conveniente ter traballado o tema na aula e o documento no que se explica o por que da súa construcción.

(Previamente)

1. Coñeces ou visitaches o Val dos Caídos?, En caso afirmativo, explica brevemente que lembras.

(Despois do visionado)

2. Cando foi construído o Val dos Caídos? (data de inicio, de remate e sistema político)
3. Cal era a finalidade con que se fixo?
4. Quen fixo o monumento?,
5. En que condicións vivían as persoas que traballaron na construcción do Val dos Caídos?

6. Que é un campo de concentración? Poderías citar algúns?
7. Que significa a *redención das penas polo traballo*? Aplicouse na construción do Val dos Caídos?
8. Cal é a opinión sobre o tema do ministro de Franco? E a do xesuíta?
9. Quen se mostran críticos co sistema de redención? Por que?
10. Ademais deste monumento, que outras obras se fixeron mediante o sistema de redención das penas?
11. É compatible este sistema coa Democracia? Xustifica a túa resposta.
12. Quen están enterrados no Val dos Caídos?, son todos da mesma tendencia política?
13. Sabes quen foi Avalos?, Cal é o seu posicionamento respecto ao Val dos Caídos?
14. Que pensan os expresos sobre a Transición política?
15. Que cousas che chaman a atención do que din os expresos sobre a evolución política desde a morte de Franco ata agora?
16. Cal é actitude do ministro de Franco sobre o mesmo tema?
17. No documental hai imaxes dun 20 de novembro. De que ano? Que celebraban alí? Quen asistía?
18. No documental aparecen persoas que manteñen distintas opcións ideolóxicas. Como os agruparías? Razoa a túa resposta.
19. Cal debe ser o futuro do Val dos Caídos? –Indica as diferentes opcións que se defenden no documental–.
20. Cal delas, ou outras distintas, defenderías ti?
21. Que opinión che merecen as explicacións do guía?
22. Pensas que as persoas que visitan actualmente o monumento acaban coñecendo a súa historia? Xustifica a túa resposta.
23. Pensas que é necesario recuperar a memoria do que pasou realmente neste país?, Xustifica a túa resposta.
24. Para rematar: por que pensas que Katie Halper escolleu ese título para a película?

